




CIENTÍFICAS ESPAÑOLAS

ECOGUARDIANS

TRABALLANDO PARA REPARAR O PLANETA.
PODEMOS FACELO!

MECUSA & QUANZHOU

MALIA QUE ESTUDOU CIENCIAS MEDIOAMBIENTAIS, A VOCACIÓN CIENTÍFICA DE **BLANCA BERNAL** (MADRID) XURDIU GRAZAS AO SEU TITOR DE PRÁCTICAS




EN POS DA SÚA PAIXÓN, FIXO UN PHD E DOUS POSDOUTORAMENTOS E MESMO OBTIVO UNHA BOLSA NA UNIVERSIDADE ESTATAL DE OHIO DE USA





BLANCA TRABALLA PARA **CONTRARRESTAR O CAMBIO CLIMÁTICO A TRAVÉS DE ECOSISTEMAS**, ESTÁ ESPECIALIZADA EN ZONAS HÚMIDAS (MANGLEIRAIS, MARISMAS, ETC.) ESTUDOU ZONAS HÚMIDAS EN USA, COSTA RICA, BOTSWANA, INDONESIA, CHINA, COLOMBIA, ETC.

As zonas húmidas **capturan** máis **CO₂** da atmosfera cos ecosistemas non húmidos, e **retéñeno** **durante séculos** baixo terra



Tristemente, considéranse un ecosistema pouco produtivo e por iso se descoioaron e explotaron. Para o 2022, **desaparecerán o 50 % deles**. Coa perda da biodiversidade e a liberación de máis CO₂ á atmosfera.

HOXE, BLANCA É **SENIOR TECHNICAL EXPERT EN GREENCOLLAR**, ONDE PROMOVE O DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE E A MITIGACIÓN DO CAMBIO CLIMÁTICO.



ALMUDENA MATEOS, DE ALCALÁ DE HENARES, SEMPRE LLE GUSTOU A CIENCIA, POR ISO ESTUDOU CIENCIAS MEDIOAMBIENTAIS



MENTRES FACÍA O SEU DOUTORAMENTO TIVO UNHA REVELACIÓN




GANOU UNHA BOLSA DE LA CAIXA E PUIDO MARCHAR ESTUDAR UN MÁSTER NA UNIVERSIDADE DE COLUMBIA EN NY



XA EN USA, ALMUDENA COMEZOU A TRABALLAR PARA O BANCO MUNDIAL: ORGANIZACIÓN QUE DA PRÉSTAMOS A PAÍSES EMERXENTES PARA FINANCIAR PROXECTOS RELACIONADOS COA AUGA, A ENERXÍA, A SAÚDE, ETC.

Neses anos, os que traballábamos na enerxía sostible éramos unha minoría




Antes, as enerxías renovables eran só de países desenvolvidos, pero xa non, os custos da enerxía solar e eólica reducíronse moito, e agora tamén son accesibles para países en vías de desenvolvemento.

HOXE, ALMUDENA É SENIOR ENERGY SPECIALIST NO BANCO MUNDIAL, TRABALLOU EN EUROPA DO LESTE, ASIA CENTRAL, ÁFRICA E AMÉRICA LATINA, E VIVE EN COLOMBIA

Axudo a identificar proxectos interesantes na área da enerxía e acompaño no proceso de deseño e execución



IDENTIFICACIÓN DO PROXECTO de enerxías renovables



DESENVOLVEMENTO E FINANCIAMENTO
Consellos 360: técnicos, regulatorios, etc.



IMPLEMENTACIÓN
Pode durar de 4 a 6 anos

ALMUDENA



Á ARAGONESA RAQUEL SALVADOR TIÑA MOITA CURIOSIDADE POLO CORPO HUMANO



Teño que saber por que!

POR ISO DECIDIU ESTUDAR QUÍMICA E BIOQUÍMICA

DURANTE O SEU DOUTORAMENTO, A SÚA MENTORA ACONSELLOULLE...



Unha estabaí nos USA nun bo laboratorio é unha grande aprendizaxe

Daquela marcharei


CONCEDÉRONLLE UNHA BOLSA EN COLORADO ONDE SE NAMOROU DA CIDADE E DO SEU TRABALLO NO LABORATORIO



Eu queodo aquí!

EN USA, RAQUEL QUERÍA TRABALLAR EN ALGO QUE TIVÉSE IMPACTO NO MEDIO AMBIENTE

Ciencia e cociña, as miñas dúas paixóns! Quero este traballo!




E A OPORTUNIDADE XURDIU! HOXE É CIENTÍFICA EN IMPOSSIBLE FOODS, ONDE TRABALLAN PARA CAMBIAR O SISTEMA ALIMENTARIO E MINIMIZAR A SÚA ACHEGA AO CAMBIO CLIMÁTICO



Investigamos como crear unha carne vexetal saborosa e nutritiva, que contamine o menos posible na súa produción



A produción de carne é unha das causas do cambio climático porque emite gases, consume recursos e causano así perda de biodiversidade



RAQUEL INVESTIGA TANTO AS MOLÉCULAS QUE DAN O SABOR, O CHEIRO E A TEXTURA Á CARNE ANIMAL, COMO INGREDIENTES VEXETAIS QUE POIDAN SER SEMELLANTES.




Descubrimos que a molécula HEME é a que lle dá sabor á carne e que tamén se atopa na soia.



Producimos HEME de xeito sostible e, xunto con outros ingredientes, creamos hamburguesas.



Finalmente, analízanse as propiedades no laboratorio e fanse catas a cegas.



ENFRONTÁMONOS A GRANDES RETOS



BLANCA BERNAL / PRESERVACIÓN DE ECOSISTEMAS

Faltan datos, investigación e investimento. Non temos que esperar a coñecer todo sobre a ecoloxía para actuar. Xa se sabe que a conservación e preservación dos ecosistemas é beneficioso para combater o cambio climático.



ALMUDENA MATEOS / ENERXÍAS NON FÓSILES

Eliminar a nosa dependencia dos combustibles fósiles globalmente nun prazo relativamente curto é difícil, cómpre ter en conta que moitos países en desenvolvemento enfróntanse ao reto extra de fornecer enerxía fiable á súa poboación.



RAQUEL SALVADOR / COMIDA SOSTIBLE

Transformar a industria alimentaria e o consumidor cara un sistema sostible. Cómpre facer entender á xente desde a educación, sen culpala nin sinalala co dedo se non se fai vegana.

POR ISO PRECISAMOS AXUDA E
COMPROMISO DAS INSTITUCIÓNS

OS VERDADEIROS CAMBIOS TEÑEN QUE VIR DENDE ARRIBA

Cómpre actuar xa.
Non podemos
agardar por unha
tecnoloxía
milagrosa que o
arranxe todo.
Temos que motivar
sen crear bloqueo
na cidadanía nin
nos GOBERNOS

No eido global xa
non se pensa en
enerxía que non
sexa sostible,
cómpre acelerar
as velocidades de
implementación
en todos os países

É necesaria a
transformación da
industria e a
educación da
poboación cara unha
alimentación sostible
ambientalmente
canto antes mellor

A CRISE CLIMÁTICA NON É UNHA
OPINIÓN, CÓMPRE ACTUAR XA